

Rehabilitación integral da rúa Santa Clara avaliación técnica do sobre B

A.1. Programa de seguridade de 0 a 5 puntos.

Os licitadores presentarán un programa detallado para garantir a seguridade e a accesibilidade durante o transcurso da obra no entorno da mesma. Ditas condicións alcanzarán a todo tipo de persoas, debendo preverse expresamente as medidas concretas para garantir a accesibilidade ás persoas que posúan algún tipo de discapacidade. Dito plan virá desglosado en partidas de obra concretas que, preferentemente, estarán referenciadas no cadro de prezos do proxecto ou nas contidas no BDC Galicia, 14a edición, publicado polo Instituto Tecnolóxico de Galicia.

O programa cumprirá expresamente os apartados 1º, 2º e 3º do acordo do Pleno ordinario de 23 de setembro de 2005 sobre medidas de seguridade, accesibilidade e mobilidade nas obras municipais, así como o disposto no regulamento de accesibilidade vixente. Os puntos do mencionado acordo son:

- Se garantirá a seguridade nas rúas tanto para os peóns como para os residentes, durante o período de duración das obras de mantemento.

- Se facilitará o acceso as vivendas e establecementos comerciais durante o tempo no que duren as obras.

- Se garantirá a mobilidade e tránsito, especialmente, das persoas pertencentes aos grupos de poboación mais necesitados e que teñen dificultades: maiores, minusválidos, nenos pequenos, etc.

Avaliarase a corrección do plan presentado e a súa incidencia no aumento da seguridade na súa execución, así como o menor impacto a veciños e usuarios das vías.

En base ao anterior, outorgouse a maior puntuación á única empresa que presenta un plan detallado segundo o que se pedía no prego, asignando o resto de puntuacións en base a maior ou menor grado de definición e corrección do plano proposto.

Do mesmo xeito, non se avaliaron no apartado aquelas ofertas que non presentaron programa de seguridade axustado ao requirido no prego, ou ben este non presenta medición ou orzamento das medidas adoptadas.

Este último criterio adóptase ao considerar que ao non incluír medición ou orzamento algún, a oferta en ditas condicións non pode obxectivarse e non supón un compromiso certo para a administración contratante.

Así, a sete empresas se lles asigna 0 puntos neste apartado, seguindo os criterios anteriormente enunciados, e que son as seguintes:

Proyecta: presenta unha memoria xenérica acerca da seguridade na obra, non axustándose ao requirido no prego e non incluíndo ningún orzamento.

Orega: presenta un plan de seguridade e saúde, non axustándose aos requirimentos do prego, e o orzamento incluído e o xa contido no proxecto no capítulo 10 do orzamento do mesmo.

Aquagest: presenta unha memoria que non se axusta ao requirido no prego, e non presenta orzamento algún.

Hordescón: presenta unha memoria descritiva da actuación obxecto do proxecto e incluíndo medidas xenéricas, non existindo orzamento

Copcisa: presenta unha memoria con medidas xenéricas de protección e accesibilidade, incluíndo sinalización bilingüe en castelán e euskera, en canto ao orzamento, inclúe unha modificación do capítulo 10 do orzamento do proxecto, non axustándose ao requirido no prego.

Ramirez: presenta unha memoria con medidas xenéricas de protección e accesibilidade, sen incluír orzamento algún

Elsamex: presenta unha memoria con medidas xenéricas de protección e accesibilidade, sen incluír orzamento algún

Tal e como foi expresado anteriormente, ao resto das ofertas fóselles asignando puntuacións en base a maior ou menor grado de definición e corrección do plano proposto, realizando a continuación unha breve relación das distintas ofertas presentadas e puntuadas no presente apartado.

Alvac&Acpa: presenta memoria moi somera na que estuda as medidas de seguridade concretas da obra, e presenta como solución para minimizar os problemas de seguridade o corte total da obra, o que non se considera unha solución axeitada.

Transantonio: presenta unha memoria xenérica, sen referencias concretas á obra. Inclúe medicións e orzamento.

Antalsis: presenta unha memoria moi somera, na que se enuncian criterios xerais de protección, facendo unha pequena referencia á obra, pero sen enunciar solucións concretas. Inclúe medición e orzamento.

Crespo&Eccasas: presenta unha memoria con solucións xenéricas de protección, sendo as referencias concretas á obra moi someras e centradas no estado actual do ámbito da obra. Inclúe medición e orzamento.

Oresa: inclúe na memoria unha descrición do estado actual do ámbito da obra e da solución proxectada, incluíndo nunha memoria somera criterios xerais de actuación, sen detallar solucións concretas. Inclúe medición e orzamento.

Covsa: presenta unha memoria con solucións xenéricas, realizando unha breve referencia concreta á obra e á súa execución en fases. Inclúe medición e orzamento.

Arias Hermanos: Presenta unha memoria, na que se fai un estudio da execución da mesma e das distintas fases en que se vai a acometer, presentando medidas xenéricas para garantir a accesibilidade e seguridade, agás no caso do tráfico rodado, no que o estudo e mais pormenorizado. Na memoria tamén se inclúen apartados que non se axustan ao requirido no prego. Inclúe medición e orzamento.

Arias Hermanos: Presenta unha memoria, na que se fai un estudio da execución da mesma e das distintas fases en que se vai a acometer, presentando medidas xenéricas para garantir a accesibilidade e seguridade, agás no caso do tráfico rodado, no que o estudo e mais pormenorizado. Inclúe medición e orzamento.

Eulogio Viñal: Presenta unha memoria, na que se fai un estudio da execución da mesma e das distintas fases en que se vai a acometer, tendo en conta tanto a circulación peonil como rodada, facendo un estudio bastante detallado da zonificación da execución da obra Por contra, as medidas para garantir a accesibilidade e seguridade preséntanse dun xeito xenérico. Inclúe medición e orzamento.

Eiriña: presenta un programa detallado para garantir a seguridade e a accesibilidade durante o transcurso da obra no entorno da mesma, no que se fai un estudio da execución da mesma e das distintas fases en que se vai a acometer, tendo en conta tanto a circulación peonil como rodada, e os accesos a portais e garaxes, facendo un estudio detallado da zonificación da execución da obra e das medidas concretas para garantir a accesibilidade e seguridade. Inclúe medición e orzamento.

	TOTAL
CRESPO&ECCASAS	1,50
PROYECTA	0,00
ORESA	1,50
EULOGIO VIÑAL	3,00
ARIAS HERMANOS	2,00
COVSA	1,50
OREGA	0,00
ALVAC&ACPA	1,00
TRANSANTONIO	1,00
AQUAGEST	0,00
HORDESCON	0,00
COPCISA	0,00
RAMIREZ	0,00
EIRIÑA	5,00
ELSAMEX	0,00
ANTALSIS	1,00
NATURGALIA	2,00

A- 2 Oferta de melloras complementarias..... de 0 a 35 puntos.

Os licitadores presentarán oferta de melloras complementarias ao proxecto de Adxudicación

As ofertas axustaranse documentalmente ao anexo núm. V polo que respecta contido técnico e as características das ofertas, caso contrario, cando existan indefinicións que dificulten unha correcta caracterización das melloras ofertadas, a oferta será penalizada na avaliación do presente apartado. En canto ao contido das mesmas, estas deberan corresponderse substancialmente coas propostas no anexo VI, podéndose ofertar un maior numero de elementos que os incluídos na relación aportada, e podéndose ofertar asemade elementos semellantes que inclúan unha mellora na calidade ou na funcionalidade dos mesmos.

A puntuación neste apartado (máximo 35 puntos) obterase segundo os criterios que se indican a continuación:

-Polo número de xogos (no caso de xogos múltiples o número de xogos ou funcións que conteña) e pola capacidade dos ditos xogos en función do número de nenos que poden utilizalos ao mesmo tempo.

A avaliación deste apartado realizase de forma directamente proporcional ao concepto enunciado no prego, obxectivado na capacidade en persoas dos xogos ofertados e da superficie total do parque

	marca	usuarios totais	superficie	TOTAL
CRESPO&ECCASAS	K&K	29,00	245,00	0,50
PROYECTA	K&K	27,00	245,00	0,47
ORESA	K&K	27,00	245,00	0,47
EULOGIO VIÑAL	K&K	29,00	245,00	0,50
ARIAS HERMANOS	K&K	29,00	245,00	0,50
COVSA	LAPPSET	35,00	240,00	0,60
OREGA	K&K	27,00	245,00	0,47
ALVAC&ACPA	K&K	27,00	245,00	0,47
TRANSANTONIO	LAPPSET	32,00	313,00	0,71
AQUAGEST	ISABA	32,00	245,00	0,56
HORDESCON	K&K, MADERPLAY	32,00	245,00	0,56
COPCISA	LAPPSET	27,00	167,00	0,32
RAMIREZ	K&K	27,00	245,00	0,47
EIRIÑA	LAPPSET	42,00	306,60	0,91
ELSAMEX	K&K	32,00	286,00	0,65
ANTALSIS	K&K	29,00	245,00	0,50
NATURGALIA	ISABA	43,00	303,00	0,93

-Pola oferta de xogos de integración; é dicir, con posibilidade de seren utilizados por menores discapacitados.

	integracion	TOTAL
CRESPO&ECCASAS	SI	1,00
PROYECTA	SI	1,00
ORESA	SI	1,00
EULOGIO VIÑAL	SI	1,00
ARIAS HERMANOS	SI	1,00
COVSA	SI	1,00
OREGA	SI	1,00
ALVAC&ACPA	SI	1,00
TRANSANTONIO	SI	1,00
AQUAGEST	SI	1,00
HORDESCON	SI	1,00
COPCISA	SI	1,00
RAMIREZ	SI	1,00
EIRIÑA	SI	1,00
ELSAMEX	SI	1,00
ANTALSIS	SI	1,00
NATURGALIA	SI	1,00

-Pola oferta de xogos múltiples que evoquen no seu conxunto algún obxecto, animal, edificio, etc.

	xogos múltiples	TOTAL
CRESPO&ECCASAS	SI	1,00
PROYECTA	SI	1,00
ORESA	SI	1,00
EULOGIO VIÑAL	SI	1,00
ARIAS HERMANOS	SI	1,00
COVSA	SI	1,00
OREGA	SI	1,00
ALVAC&ACPA	SI	1,00
TRANSANTONIO	SI	1,00
AQUAGEST	SI	1,00
HORDESCON	SI	1,00
COPCISA	NO	0,90
RAMIREZ	SI	1,00
EIRIÑA	SI	1,00
ELSAMEX	SI	1,00
ANTALSIS	SI	1,00
NATURGALIA	SI	1,00

-Pola mellora nos materiais empregados, terase en conta a documentación presentada segundo o requirido no prego, as recomendacións indicadas para pavimentos, valados, xogos e sinais.

Neste apartado, revisase en primeiro lugar se as ofertas se adecúan formalmente ao requirido no prego, atopándose que a oferta presentada por Proyecta non inclúe ningunha documentación agás unha relación avaliada e a oferta de Hordescón non inclúe planos de proxecto. O resto de licitadores axústanse basicamente ao esixido no prego en canto a documentación a presentar.

Para a estimación da calidade, segundo o prego, examináronse as recomendacións sobre pavimentos, coa existencia ou non de base de formigón e obras complementarias para realización da caixa de pavimento, a existencia ou non de valado, a calidade dos xogos ofertados, a existencia ou non de certificado de área, a inclusión ou non de alumeado, mobiliario complementario, accesos adaptados, etc, non avaliando neste apartado ningún dos aspectos xa avaliados anteriormente, tales como o maior ou menor número de xogos, etc.

Así, cando na oferta non se contemplan todas as obras complementarias necesarias para a execución e implantación da mellora complementaria ofertada, non se lle outorgará un coeficiente de calidade superior a 0,60, o que sucede nas ofertas das empresas Eulogio Viñal, Oresa, Copcisa, Proyecta, Ramirez, Hordescón e Orega.

Neste aspecto de calidade, se lles outorga un coeficiente 1,00 a las empresas Transantonio, Eiriña, e Elsamex, xa que presentan unha oferta con melloras na base dos pavimentos, a inclusión de valado de seguridade, a previsión da modificación do alumeado público para alumear a nova instalación, a inclusión de mobiliario complementario, a existencia de certificado de area, e o estudo pormenorizado dos accesos e a implantación no terreo. O resto de puntuacións foron graduándose en función da presenza ou non dos aspectos anteriormente citados.

	adecuación formal	calidad	TOTAL
CRESPO&ECCASAS	1,00	0,90	0,90
PROYECTA	0,25	0,60	0,15
ORESA	1,00	0,60	0,60
EULOGIO VIÑAL	1,00	0,60	0,60
ARIAS HERMANOS	1,00	0,70	0,70
COVSA	1,00	0,90	0,90
OREGA	1,00	0,60	0,60
ALVAC&ACPA	1,00	0,75	0,75
TRANSANTONIO	1,00	1,00	1,00
AQUAGEST	1,00	0,75	0,75
HORDESCON	0,50	0,60	0,30
COPCISA	1,00	0,60	0,60
RAMIREZ	1,00	0,60	0,60
EIRIÑA	1,00	1,00	1,00
ELSAMEX	1,00	1,00	1,00
ANTALSIS	1,00	0,75	0,75
NATURGALIA	1,00	0,75	0,75

TOTAL MELLORAS

	A 2.1 x A2.2 x A2.3 x A2.4	TOTAL
CRESPO&ECCASAS	0,45	15,89
PROYECTA	0,07	2,47
ORESA	0,28	9,86
EULOGIO VIÑAL	0,30	10,59
ARIAS HERMANOS	0,35	12,36
COVSA	0,54	18,79
OREGA	0,28	9,86
ALVAC&ACPA	0,35	12,33
TRANSANTONIO	0,71	24,89
AQUAGEST	0,42	14,61
HORDESCON	0,17	5,84
COPCISA	0,17	6,05
RAMIREZ	0,28	9,86
EIRIÑA	0,91	32,00
ELSAMEX	0,65	22,74
ANTALSIS	0,38	13,24
NATURGALIA	0,69	24,28

A.3 Plano de control de calidade de 0 a 5 puntos.

Os licitadores presentarán un programa detallado para o control de calidade dos materiais e unidades de obra. Para a valoración deste criterio terase en especial consideración a aplicación de modernas tecnoloxías de control, así como a corrección e específica adecuación do programa proposto ás características concretas da obra, co fin de garantir a máxima calidade do proceso construtivo.

Dito plano virá desagregado en partidas de control e ensaio concretas que, preferentemente, estarán referenciadas ás contidas no BDC Galicia, 14ª edición, publicado polo Instituto Tecnolóxico de Galicia

Neste apartado non se avaliou a oferta de Hordescón, outorgándolle 0,00 puntos, toda vez que non presenta plan desagregado en partidas de control e ensaio concretas, segundo o requirido no prego, limitándose a incluír unha memoria de calidade interna.

Penalizase, outorgándolle un máximo de 1,50 puntos neste apartado ás empresas que si ben inclúen un plan de ensaios, as partidas de control non se atopan avaliadas, como sucede nas ofertas das empresas Proyecta, Eulogio Viñal e Copcisa

Do mesmo xeito, penalízase ás ofertas de Aquagest, Antalsis, Naturgalia e Alvac&Acpa por non axustar o plano ofertado ás características concretas da obra, incluíndo ensaios non pertinentes ou omitindo outros claramente necesarios.

cabe sinalar que en gran cantidade de ofertas inclúense ensaios, concretamente os referidos ás probas de servizo de abastecemento de auga e de saneamento, que xa estaban incluídos no orzamento da obra, polo que ditos ensaios non foron tidos en conta na avaliación dos distintos planos presentados.

Neste apartado, outorgáselle a maior puntuación aos plans de control de calidade presentados polas empresas Transantónio e Eirifia, por incluír un plan de ensaios mas completo e axustado ás características construtivas da obra.

O resto de puntuacións foron graduándose en función da presenza ou non de ensaios e a adecuación dos mesmos en comparación coas ofertas anteriormente citadas.

	TOTAL
CRESPO&ECCASAS	4,50
PROYECTA	1,50
ORESA	4,50
EULOGIO VIÑAL	1,50
ARIAS HERMANOS	4,50
COVSA	4,50
OREGA	4,50
ALVAC&ACPA	1,50
TRANSANTONIO	5,00
AQUAGEST	2,00
HORDESCON	0,00
COPCISA	1,50
RAMIREZ	4,50
EIRIÑA	5,00
ELSAMEX	4,50
ANTALSIS	2,00
NATURGALIA	2,00

TOTAL PUNTUACION SOBRE B	

	seguridade	melloras	control	
CRESPO&ECCASAS	1,50	15,89	4,50	21,89
PROYECTA	0,00	2,47	1,50	3,97
ORESA	1,50	9,86	4,50	15,86
EULOGIO VIÑAL	3,00	10,59	1,50	15,09
ARIAS HERMANOS	2,00	12,36	4,50	18,86
COVSA	1,50	18,79	4,50	24,79
OREGA	0,00	9,86	4,50	14,36
ALVAC&ACPA	1,00	12,33	1,50	14,83
TRANSANTONIO	1,00	24,89	5,00	30,89
AQUAGEST	0,00	14,61	2,00	16,61
HORDESCON	0,00	5,84	0,00	5,84
COPCISA	0,00	6,05	1,50	7,55
RAMIREZ	0,00	9,86	4,50	14,36
EIRIÑA	5,00	32,00	5,00	42,00
ELSAMEX	0,00	22,74	4,50	27,24
ANTALSIS	1,00	13,24	2,00	16,24
NATURGALIA	2,00	24,28	2,00	28,28

Pontevedra 29 de xullo de 2013

O arquitecto xefe da OTA